

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER DE LABORAL TEMPORAL, DE 2 TRABALLADORES/AS (PEÓNS DE XARDINERÍA) PARA A REALIZACIÓN/PRESTACIÓN DE OBRAS/SERVIZO DENOMINADO "SILVICULTURA PREVENTIVA EN VÍAS, CAMIÑOS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL".**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para a contratación con carácter de laboral temporal, de 2 traballadores/as (peóns) que constituirán unha brigada para a realización/prestación de obras/servizo denominado "**SILVICULTURA PREVENTIVA EN VÍAS, CAMIÑOS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**".

Estas contratacións están destinadas a cubrir un servizo esencial e de carácter urgente.

**SEGUNDA.- NATUREZA DO CONTRATO**

A natureza dos contratos será laboral temporal a xornada completa, ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta de dito contrato.

**TERCEIRA.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.**

A duración dos contratos, sera de 9 meses, no que se refire aos traballadores/as que integren a brigada de "**SILVICULTURA PREVENTIVA EN VÍAS, CAMIÑOS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**".

**CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO DA CONVOCATORIA**

A relación rexerese pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o RD 4740/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.

Así mesmo é de aplicación no que se refire á contratación do persoal integrante da brigada de "**SILVICULTURA PREVENTIVA EN VÍAS, CAMIÑOS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**", a Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de concesión de subvencións para o fomento no medio rural (Aprol rural) correspondente ao exercicio de 2018

**QUINTA.-REQUISITOS PARA CONCURRIR**

Para tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade:
- Ter nacionalidade española
  - Ser nacional de algún dos estados membros da Unión Europea
  - Ser nacional de algún Estado no que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
  - Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españoles e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e dos seus conxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
  - Ter residencia legal en España, en caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
- b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

- c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.
- d) Incompatibilidade: Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- e) Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. En caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Titulacións. Non se esixe, por estar asimilados os postos de traballo aos que se refire o presente concurso, a unha agrupación profesional, sen requisito de titulación.
- g) Galego: Dado que tratase de persoal para o que non se esixe o requisito de titulación, a proba-entrevista á que se alude na base oitava realizarase en galego. Segundo o resultado da proba-entrevista, o tribunal cualificará como apto ou non apto a proba de galego, ademais de puntuar a proba-entrevista.
- Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

#### **SEXTA.- FUNCÍONS**

As funcións a realizar serán as que se especifican a continuación:

- Tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal
- Aquelas que lle asigne a Alcaldía.

Coa contratación do persoal que se sinala, trátase de diminuír o risco de produción de incendios forestais, e de producirse, que estes avancen con maior lentitude, menos intensidade, facilitando así a actuación dos medios de defensa de incendios forestais.

#### **SÉPTIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PRAZO.**

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes, no modelo recollido nestas bases como Anexo I, ata o día 19 de XUÑO de 2018, no Rexistro Xeral do Concello de Cartelle, Toxal, 1, Outomuro, en horario de 09:00 a 14.00 horas, de luns a venres.

#### **OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, cos candidatos que, previamente foron seleccionados pola oficina de emprego, segundo indica a orden da convocatoria, e que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

\_\_ Por concurso, entrevista e proba práctica, con relación á selección de 2 traballadores/as (peóns de xardinería) que integrarán a brigada de **"SILVICULTURA PREVENTIVA EN VÍAS, CAMIÑOS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL"**.

#### **Concurso: (puntuación máxima de 3,5)**

Segundo o establecido no artigo 14 da Orde de 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, terán preferencia neste programa en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Esta preferencia será valorada con 0,5 puntos por pertenza ao colectivo.

**Entrevista: (Puntuación máxima de 3 puntos).**

O tribunal convocará aos aspirantes a unha entrevista, que terá por finalidade avaliar a dispoñibilidade do aspirante, a súa adecuación ó posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio. Puntuarase ata un máximo de 3,00 puntos. A falta de presentación do aspirante á entrevista significará a súa eliminación do proceso selectivo.

**Proba práctica: (Puntuación máxima de 2,5 puntos).**

Os/as aspirantes desenvolverán unha proba práctica relacionada cos traballos a realizar proposta polo tribunal.

No caso de producirse **empates**, o Tribunal de Valoración terá en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

**NOVENA.- TRIBUNAIS DE SELECCIÓN.**

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, a valoración das entrevistas, estará integrado por un presidente, tres vogais e un secretario cos seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo Alcalde-Presidente da Corporación.

Todos os membros do tribunal, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto, a excepción do Secretario que terá voz pero non voto.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/4007 de 14 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que será a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 48 da Lei 30/94, de 46 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes as probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 48 da Lei 30/94. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### **DÉCIMA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo de 2 días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación de ser o caso, dos motivos da exclusión, a cal publicárase no taboleiros de anuncios do Concello. De non existir excluídos declararase aprobada a lista definitiva.

Os aspirantes excluídos ou omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello, para reclamacións, correccións de erros ou subsanacións. Así mesmo, tamén aparecerá nesa resolución a composición do tribunal cualificador.

Finalizado o prazo de reclamacións e correccións, e resoltas as mesmas, ou ben, no suposto de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir), pola Alcaldía mediante a correspondente Resolución, elaborárase a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal procederá á valoración de méritos alegados polos candidatos, a realización da entrevista e da proba práctica, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes a cada praza.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido na lei, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

#### **UNDÉCIMA.- PROPOSTA E NOMEAMENTO.**

Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas e realizada a entrevista, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, publicándose no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os/as traballadores/as ós postos, estes/as non terán dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

#### **DUODÉCIMA.- INCIDENCIAS**

Contra estas bases, a convocatoria e cantos actos se deriven das mesmas e da actuación do tribunal, poderanse interpoñer impugnacións polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos pola lei.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos por estas bases.

Cartelle, 11 de xuño de 2018.

Visto e Prace

O Alcalde

A Secretaria

Asdo. Jaime Sousa Seara

Asdo: M<sup>a</sup> Dolores Villar Álvarez

## ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo

### SOLICITA

Ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para a brigada de **"SILVICULTURA PREVENTIVA EN VÍAS, CAMIÑOS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL"**.

DECLARANDO:

1.- Que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Cartelle.

#### DATOS PERSOAIS.

DNI: \_\_\_\_\_

PRIMEIRO APELIDO: \_\_\_\_\_

SEGUNDO APELIDO: \_\_\_\_\_

NOME: \_\_\_\_\_

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL: \_\_\_\_\_

#### ENDEREZO

Rúa: \_\_\_\_\_ Nº: \_\_\_\_\_ LOCALIDADE: \_\_\_\_\_

C.P.: \_\_\_\_\_ CONCELLO: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

2.- Que a miña Situación socio-laboral é: (marcar o que corresponda)

- Mulleres
- Menores de 30 anos,
- Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- Persoas demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional .
- Persoas paradas de larga duración (12 ou máis meses)
- Persoas con discapacidade
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións ou subsidios por desemprego ás que teñan dereito.
- Persoas de mais de 45 anos
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da risga.
- Persoas demandantes con 3 ou máis fillos e fillas menores de vinte e seis anos (familia numerosa) ou maiores con discapacidade

En relación co indicado

SOLICITO ser admitido para participar no procedemento de selección.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

(SINATURA))

A instancia acompáñase de (sinalar cun X segundo proceda):

- Copia do DNI.
- Outra documentación que acredite a situación sociolaboral (relacionar):
- 
- 
- 

De Conformidade co establecido na normativa vixente en Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade de CONCELLO DE CARTELLE con CIF P3202100H e domicilio social Cartelle. Ourense, coa finalidade de poder realizar a entrevista como candidato ao posto de traballo. En cumprimento coa normativa vixente, o CONCELLO DE CARTELLE informa que os datos serán conservados durante o seguinte período:

O legalmente establecido.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos de Concello de Cartelle , dirixíndose por escrito á dirección de correo Cartelle. Ourense ou ao teléfono 988491111

O Concello de Cartelle solícítalle o seu consentimento para o tratamento dos seus datos para analizar o seu perfil coa finalidade de avaliar determinados aspectos persoais dunha persoa física, en particular para analizar ou predicir aspectos relativos ao rendemento profesional, situación económica, saúde, preferencias persoais, intereses, fiabilidade, comportamento, localización ou movementos da devandita persoa física.

O Concello de Cartelle informa que procederá a tratar os datos de maneira lícita, leal, transparente, adecuada, pertinente, limitada, exacta e actualizada. É por iso que comprométese a adoptar todas as medidas razoables para que estes suprimanse ou rectifiquen sen dilación cando sexan inexactos.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de Datos de Carácter Persoal poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ben a través de correo electrónico

Neste sentido, o CANDIDATO dispoñerá do dereito para revogar o consentimento prestado mediante a presente cláusula. Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna. En último lugar, o Concello de Cartelle informa que coa sinatura do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.

Nome e apelidos

DNI: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARTELLE ( OURENSE)**